

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 12**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día TRINTA de XULLO de 2012, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

- 1.- Actas anteriores.** (Ses. ord. 25.06.12 e extr. 04.07.12)
- 2.- Declaracións institucionais.**
- 3.- Ditames das comisións informativas:**

#### **XESTIÓN MUNICIPAL E MOBILIDADE**

- 3.1.- Dar conta do ditame e conclusións da comisión de investigación creada polo Pleno do Concello en data 24.10.11. Expte. 510/1101
- 3.2.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 13 de xullo de 2012, nomeando vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo. 135/406
- 3.3.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 13 de xullo de 2012, de delegación de facultades no vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. 136/406 (504/1101).
- 3.4.- Dar conta de acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.07.12, referente a delegación de competencias da área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos. Expte. 502/1101.
- 3.5.- Proposta da Alcaldía referente á aplicación do RD Lei 20/2012, do 13 de xullo, reducindo as retribucións do Alcalde, concelleiros e demais acordos complementarios. Expte. 503/1101.
- 3.6.- Proposta da Alcaldía de data 20 de xullo de 2012, de nomeamento de suplente no Padroado da Fundación Museo do Mar. Expte. 507/1101.

#### **ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN**

- 3.7.- Dar conta do estado de execución de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao 2º trimestre de 2012. Expte. 101983/140 (494/1101).
- 3.8.- Declaración de titularidade do Concello de Vigo do terreo destinado a camiño de uso público con orixe na Av. Da Florida núm. 36 e remate na rúa Dr. Darío Durán Gómez e acordos complementarios. Expte. 18964/240 (492/1101)

- 4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.**
- 5.- Mocións:**

- 5.1.- Moción do Grupo municipal do BNG proponendo diversas medidas relacionadas coa Lei 4/2012 da Área Metropolitana de Vigo. Expte. 497/1101.
- 5.2.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta solicite á Novagalicia Banco se achande perante a demanda interposta pola Fiscalía Superior de Galicia en relación coas participacións preferentes. Expte. 501/1101.
- 5.3.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao Goberno Central a revisión das medidas de recortes aprobadas por RDL 20/2012 e RDL 21/2012. Expte. 508/1101.
- 5.4.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a sinatura inmediata do convenio de prevención de drogodependencias e someter o mesmo financiamento que en 2011. Expte. 509/1101.

## **6.- Asuntos urxentes.**

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.**

- 1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 1.3.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 27.06.12, de adxudicación de réxime de dedicación exclusiva a un concelleiro do Grupo Socialista. Expte. 496/1101.
- 1.4.- Dar conta de escrito de concelleiro do Grupo Socialista aceptando o réxime de dedicación exclusiva. Expte. 496/1101.
- 1.5.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 12.07.12 relativa á delegación temporal de competencias na Área de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación no concelleiro Sr. Rodríguez Díaz.

#### **2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**

#### **3.- Comparecencias de membros da Corporación.**

#### **4.- Mocións.**

- 4.1.- Moción do Grupo municipal Popular instando a paralización de calquera tipo de ampliación da concesión e compensación económica á empresa "Pazo de Congressos S.A.". Expte. 498/1101.
- 4.2.- Moción do Grupo municipal Popular instando ao Concello a apertura de forma

urxente das instalacións deportivas da ETEA e adxudicación do túnel de Xulián Estévez. Expte. 499/1101.

4.3.- Moción do Grupo municipal Popular instando ao goberno municipal a tomar diversas medidas en relación co convenio coa Xunta de Galicia e o Servizo de Saúde para construción do novo hospital. Expte. 500/1101.

**4.a. Mocións urxentes**

**5.- Formulación de rogos.**

**6.- Formulación de preguntas.**

**DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día TRINTA DE XULLO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv

O ALCALDE,

Vigo, 26 de xullo de 2012  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.